

CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A XESTIÓN E MANTEMENTO DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E DAS FAIXAS LATERAIS DAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, DENTRO DOS TERREOS DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2021

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Decreto do 2 de abril de 2020, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: mantemento da superficie agraria útil e a recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares, que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes; apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común; fomento do cumprimento da normativa en materia de ordenación dos arboredos e da mellora das superficies forestais; e a redución do risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as faixas de protección.

De cara a alcanzar estes obxectivos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2021, prestou aprobación ás bases e á convocatoria que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, en execución do Programa “O que non arde”, de apoio á xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, que se atopen dentro dos límites dos terreos titularidade de comunidades veciñais de montes en man común.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases canalizadoras e da convocatoria das mesmas.

BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A XESTIÓN E MANTEMENTO DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E DAS FAIXAS LATERAIS DAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, DENTRO DOS TERREOS DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2021

Exposición de motivos

“A conservación e o desenvolvemento sustentable de todos os tipos de bosques son fundamentais para o desenvolvemento económico e social, a protección do medio ambiente e os sistemas sustentadores da vida no planeta. Os bosques son parte do desenvolvemento sustentable”.

Esta declaración da Asemblea das Nacións Unidas, na súa sesión especial de xuño de 1997, é unha clara expresión do valor e o papel que os montes desempeñan a nivel global na nosa sociedade.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector.

Co paso do tempo, a realidade dos nosos montes variou moito: dende unha relativamente escasa importancia da superficie arborizada e unha gran porción do monte dedicada a aproveitamentos gandeiros e mesmo cultivos agrícolas, a un monte coma o actual, onde os terreos volveron ter un uso forestal prioritario ata alcanzar as dúas terceiras partes da superficie de Galicia, con fortes incrementos da superficie arborizada.

Por outra banda, os montes veciñais en man común son unha das poucas formas de propiedade e xestión en común da terra que puido sobrevivir á organización municipal do século XIX e ao fenómeno desamortizador, constituíndose como forma de propiedade característica de Galicia, tantas veces posta de manifesto polos profesionais do sector, reivindicada polos habitantes do rural e reclamada pola propia realidade económica.

A cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en man común xestionado por 2.800 comunidades de montes. Isto vén demostrar que esta figura non só ten importancia como un sinal de identidade e da cultura do noso País, senón tamén como un claro indicador económico e produtivo.

Tendo en conta que o monte desempeña unha tripla funcionalidade –social, ambiental e económica– e que os recursos que achega benefician a toda a poboación, isto obriga ás Administracións Públicas a velar polo seu coidado, defensa, rexeneración e mellora dos seus aproveitamentos.

Alén diso, en Galicia ten unha especial relevancia o aspecto económico dos montes, ao ter as actividades levadas a cabo nos mesmos un carácter estratéxico para o desenvolvemento do medio rural, tendo en conta que aproximadamente o 50% da produción forestal do Estado se extrae dos montes galegos, e ao ser unha importante base territorial para o desenvolvemento da gandería extensiva.

Con todo, o importante valor que o monte ten para a nosa sociedade no seu conxunto ven sendo ameazado pola propagación do lume, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades que se desenvolven no mesmo.

Os incendios forestais emitiron á atmosfera 6.375 millóns de toneladas de CO₂ en todo o mundo durante o pasado ano, segundo datos de Greenpeace. Nos últimos anos, as condicións de xeración e propagación dos incendios forestais víronse agravadas por ondas de calor e seca unidas á acumulación de biomasa vexetal no monte. Estas condicións amplían o período de risco duns montes vulnerables que contan cunha insuficiente xestión forestal.

Esta situación debe facernos sabedores de que a incidencia catastrófica dos incendios forestais no medio rural constitúe un dos elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo e unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia en xeral, e da provincia de Lugo en particular.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra os incendios no medio rural demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente naquelas declaradas de alto risco de incendio, unido ao tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes. Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2020 a 2022, ten por obxectivo estratéxico *“contribuír a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais”*, e aposta, entre outros obxectivos específicos, por *“reducir o risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha mellor utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa”*.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo,ponse en marcha, no ano 2021, a primeira edición do Programa “O que non arde”, de apoio á xestión e mantemento da rede secundaria das faixas de xestión da biomasa, a través dunha liña de axudas destinadas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, e ás súas agrupacións, ou a arrendatarios e cesionarios da totalidade ou parte destes montes, que promocionen actividades silvopastorís con gandería extensiva nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e nas franxas laterais das vías de titularidade municipal, dentro dos terreos que xestionan, perseguindo con elo a redución do risco de incendios por mor da elevada cantidade de biomasa existente nos nosos montes.

Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, pon en marcha a segunda edición do Programa “O que non arde”, procedendo á publicación do texto íntegro das bases canalizadoras de ditas subvencións e á publicación da convocatoria das mesmas, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Programa “O que non arde”, de axudas dirixidas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (en adiante, CMVMC) da

provincia de Lugo, e ás súas agrupacións, baixo calquera forma xurídica (agás a sociedade mercantil), destinadas á xestión forestal conxunta, para a posta en marcha de actuacións de silvicultura preventiva que contribuirán a prever e minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos montes, de acordo con 2 eixos de actuación:

- Eixo 1: Dirixido ás CMVMC, e ás súas agrupacións, que promocionen actividades silvopastorís con gandería extensiva no ámbito de influencia das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa definidas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia (en adiante, LPDIFG), así como nas faixas laterais das redes viarias de titularidade municipal situadas dentro dos límites das terras xestionadas pola CMVMC.
- Eixo 2:
 - a) As CMVMC e as súas agrupacións poderán solicitar axudas destinadas á elaboración, por parte dun técnico competente, do Plan de aproveitamento silvopastoril, para a regulación de dito aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun Proxecto de ordenación.
 - b) Asemade, poderán solicitar axudas destinadas á investigación da propiedade, resolución de discrepancias catastrais, e outras de natureza semellante que repercutan na mellora organizativa e estrutural da CMVMC, no senso de contribuír á elaboración exacta da planimetría destinada á determinación dos límites do monte comunal.

As actuacións incluídas no Eixo 2.b) só serán subvencionables para aqueles solicitantes que, asemade, solicitaran axuda para a realización das actuacións encadradas no Eixo 1 e/ou na letra a) do Eixo 2.

Este tipo de axudas está previsto no Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Consonte ao mesmo, estas axudas non son cualificables como axudas de Estado a empresa, pois non son susceptibles de ser incompatibles co mercado interior nos termos establecidos no artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013.

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible, de tal xeito que a concesión das subvencións realizárase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados na Base 8, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, e de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5.

Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG), o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de silvicultura e outras actividades forestais (código sector económico 02.1); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); prevéndose unha diminución ou eliminación das desigualdades que, en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, contribúe aos obxectivos das políticas de igualdade (código impacto de xénero 3); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

Base 4.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as CMVMC da Provincia de Lugo, e as súas agrupacións, baixo calquera forma xurídica (agás a sociedade mercantil), cuxos montes foran convenientemente clasificados polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais da provincia de Lugo e inscritos no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

Asemade, para acollerse ás axudas, as CMVMC deberán velar polo cumprimento da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante o aproveitamento do monte con pastoreo en extensivo de xeito que ditas actuacións contribúan á diminución da cantidade de biomasa existente no monte nas faixas secundarias e/ou laterais das vías de titularidade municipal; ou ben levando a cabo accións de mellora estrutural e organizativa dos usos do monte mediante o estudo da propiedade e/ou a resolución de discrepancias catastrais.

As actuacións definidas dentro do Eixo 1 deberán levarse a cabo en terreos de titularidade da CMVMC que se correspondan fisicamente co ámbito de influencia das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e/ou coas faixas laterais das redes viarias de titularidade municipal, segundo os datos que se reflectan no correspondente Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais e na planimetría á que se fai referencia na Base 7.1.e; podendo ampliarse as ditas actuacións a outros terreos segundo o establecido na Base 5.

No caso de arrendamento total ou parcial do monte, para a realización dun aproveitamento de pastos por gando en extensivo (actividade encadrada dentro do Eixo 1), o/s arrendatario/s poderá/n ser beneficiario/s de subvención e, polo tanto, poderá/n solicitala, sempre que o dito aproveitamento teña lugar en terreos que cumpran os requisitos establecidos no parágrafo anterior, e que, ademais, polo seu número de cabezas de gando e clase, sexa compatible coa conservación do monte.

No caso de cesión parcial do monte, para o seu aproveitamento individual por parte dalgún/s comuneiro/s, mediante pastoreo por gando en extensivo (actividade encadrada dentro do Eixo 1), e sempre que a cesión se corresponda con terreos que cumpran os requisitos citados nos parágrafos anteriores, este/s poderá/n ser tamén beneficiario/s das subvencións, sempre que o lote, a sorte ou parcela obxecto de cesión non sexa inferior á unidade mínima de cultivo. Nestes casos, será preciso a achega do documento de asignación de lotes indicando o seu aproveitamento.

O disposto nestas bases non será de aplicación aos MVMC da provincia de Lugo que estean consorciados coa Administración, salvo que solicitasen a rescisión ou transformación do dito consorcio. No caso de MVMC consorciados, poderá solicitarse a subvención naquela superficie non consorciada.

As CMVMC, ou as súas agrupacións, terán a condición de beneficiarios das subvencións, debendo nomear, en todo caso, un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiario a entidade ou persoa física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiario das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Base 5.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2021, é de 60.000,00 €, coa seguinte distribución:

- Actuacións incluídas no Eixo 1: 40.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado a): 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado b): 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489

O importe das axudas para cada actuación será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose as seguintes cantidades máximas:

- Actuacións incluídas no Eixo 1: 3.900 €, correspondentes a 130 €/ha de aproveitamento de pasto por gando en extensivo, cun límite de 30 has. por CMVMC, e unha carga gandeira non inferior a 0,60 UGM/ha en cómputo global, dentro das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa definidas no artigo 21 da LPDIFG ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal que discorran por terreos titularidade do/s solicitantes, ata os 2 metros en cada marxe.

Asemade, tamén será subvencionable o aproveitamento do monte veciñal mediante pastoreo por gando en extensivo en zonas que non se inclúan no indicado no parágrafo anterior, sempre que se leve a cabo o aproveitamento pastoril nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal e o pastoreo levado a cabo en zonas alleas ás mesmas contribúa á prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a redución da cantidade de biomasa existente no monte. O límite conxunto para subvención das actuacións levadas a cabo dentro e fóra dos espazos definidos no parágrafo anterior, será de 30 has.

Entenderase realizada a actuación cando o pastoreo en extensivo levado a cabo no/s terreo/s obxecto da solicitude sexa idóneo e suficiente para a xeración da descontinuidade vertical e horizontal da biomasa vexetal ao obxecto de impedir a propagación do lume, non superando o mato, en xeral, os 10 cm.

- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado a): 1.500 €, podendo ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia da redacción, por parte dun técnico competente, do Plan de aproveitamento silvopastoril para a regulación do aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun Proxecto de ordenación.
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado b): 1.500 €, podendo ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de traballos de investigación da propiedade ou de resolución de discrepancias catastrais.

Tendo en conta a natureza e obxectivos perseguidos polas subvencións canalizadas nestas bases, os importes das axudas correspondentes ao Eixo 1 consisten nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total.

No caso das axudas correspondentes ao Eixo 2, os importes indicados nos parágrafos anteriores fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, a lo menos, o 5% das actuacións subvencionadas naquel Eixo deberán ser financiadas pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, unha vez resoltas as subvencións, non se esgote o crédito existente para cada un dos eixos obxecto da presente convocatoria, o remanente existente en cada eixo poderá ser empregado no eixo restante, sempre que non supoña modificación orzamentaria, co obxectivo de satisfacer as necesidades das solicitudes presentadas.

Asemade, no caso de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2021, que en todo caso non supoña modificación orzamentaria. Do mesmo xeito tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Base 6.- Carácter das subvencións

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial, nas condicións establecidas nestas bases; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibilas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

Igualmente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente, dende o momento do pago da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro, se é anterior a esta, nos supostos previstos no artigo 37 da LXS.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 7.- Presentación de solicitudes

Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os interesados deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”.

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presentación presencial na súa oficina de asistencia en materia de rexistros, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. Cando a solicitude sexa formulada pola Xunta Reitora dunha CMVMC, deberá conter a seguinte documentación:

- a) Solicitude (Anexo I).
- b) Certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e do nomeamento do representante da entidade (Anexo II).
- c) Certificación acreditativa do domicilio social actual da entidade e da identidade dos membros do órgano de representación (Anexo III).
- d) Copia do DNI do presidente e do resto de membros da Xunta Reitora da CMVMC e copia do acordo do nomeamento da dita Xunta pola Asemblea Xeral de aquela.

Cando o número de comuneiros non permita a constitución da Xunta Reitora (inferior a tres), copia do DNI da persoa que, segundo acordo da Asemblea Xeral ostente a representación da CMVMC.
- e) Copia da resolución do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Lugo, na que se resolva a clasificación do monte como veciñal en man común, acompañada de planimetría suficiente que permita a identificación do monte.
- f) Copia do/s documento/s que acredite/n que o monte propiedade da CMVMC está inscrito no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.
- g) No caso de acollerse ás axudas encadradas dentro do eixo 1, autorización, expedida pola Administración forestal, na que se exprese que o aproveitamento de pastoreo é compatible coa conservación do monte. Esta documentación poderá ser substituída por copia do/s documento/s que acredite/n a inscrición do monte no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.
- h) Copia dos estatutos da CMVMC.
- i) No caso de acollerse ás axudas encadradas dentro do eixo 2, orzamento de gastos da actividade a subvencionar (Anexo IV).
- j) No caso de acollerse ás axudas encadradas dentro do Eixo 1, calquera dos documentos acreditativos sinalados a continuación, nos que se sinalarán os animais empregados na execución da actividade:
 - Copia do Libro de rexistro da explotación.
 - Declaración censual anual a 1 de xaneiro do ano en curso.
 - Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) do ano en curso.
 - Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC.
- k) Declaración responsable, emitida polo presidente da Xunta Reitora da CMVMC, na que se indique que esta non se atopan en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (Anexo V).
- l) Declaración responsable, emitida polo representante legal da CMVMC, na que se indique que aquela non solicitou nin recibiu outras axudas ou subvencións doutras Administracións Públicas ou doutras entidades, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, ou descrición e contía das mesmas, no caso de telas solicitado e/ou recibido (Anexo V).

- m) Declaración responsable, emitida polo representante legal da CMVMC, na que se indique que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Anexo V).

No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, a dita declaración responsable será substituída por certificacións, emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, acreditativas de que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

- n) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.

2. Cando a solicitude sexa formulada por un comuneiro da CMVMC a título particular, para actividades encadradas dentro do Eixo 1, deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) Solicitude (Anexo I).
- b) Copia do DNI do comuneiro que presenta a solicitude.
- c) Copia da resolución do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Lugo, na que se resolva a clasificación do monte como veciñal en man común, acompañada de planimetría suficiente que permita a identificación do monte.
- d) Copia do/s documento/s que acredite/n que o monte propiedade da CMVMC está inscrito no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.
- e) Autorización, expedida pola Administración forestal, na que se exprese que o aproveitamento de pastoreo é compatible coa conservación do monte. Esta documentación poderá ser substituída por copia do/s documento/s que acredite/n a inscrición do monte no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.
- f) Copia dos estatutos da CMVMC.
- g) Copia do documento de asignación de lotes de terreos de pastos para o seu aproveitamento por gando en extensivo a favor do solicitante, no que se precisen os terreos asignados ao/s comuneiro/s que presenta/n a solicitude.
- h) Copia de calquera dos documentos acreditativos sinalados a continuación, nos que se sinalarán os animais empregados na execución da actividade :
 - Copia do Libro de rexistro da explotación no que se sinalen os animais empregados.
 - Declaración censual anual a 1 de xaneiro do ano en curso.
 - Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) do ano en curso.
 - Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC.
- i) Declaración responsable, emitida polo comuneiro que opte á subvención, na que se indique que este non se atopan en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (Anexo V).
- j) Declaración responsable, emitida polo comuneiro que opte á subvención, na que se indique que non solicitou nin recibiu outras axudas ou subvencións doutras Administracións Públicas

ou doutras entidades, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, ou a descrición e contía das mesmas, no caso de telas solicitado e/ou recibido (Anexo V).

- k) Declaración responsable, emitida polo comuneiro, na que se indique que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Anexo V).

No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, a dita declaración responsable será substituída por certificacións, emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, acreditativas de que o solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

- l) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.

3. Cando a solicitude sexa formulada por un arrendatario da totalidade ou dunha parte do monte veciñal, que realice un aproveitamento de pastos por gando en extensivo que non sexa propiedade do grupo comunitario, deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) Solicitude (Anexo I).
- b) Copia do DNI do arrendatario.
- c) Copia da comunicación da CMVMC á Consellería competente en materia forestal, tras o acordo dos comuneiros na Asemblea Xeral, indicando o nome do arrendatario, a superficie, o prazo do arrendamento e o número de cabezas de gando e clase deste.
- d) Autorización, expedida pola Administración forestal tras a comunicación descrita no punto 2, na que se exprese que o aproveitamento de pastoreo é compatible coa conservación do monte. Esta documentación poderá ser substituída por copia do/s documento/s que acredite/n a inscrición do monte no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.
- e) Copia do acordo dos comuneiros na Asemblea Xeral, indicando o nome do arrendatario, a superficie, o prazo do arrendamento e o aproveitamento dos terreos arrendados.
- f) Copia de calquera dos documentos acreditativos sinalados a continuación, nos que se sinalarán os animais empregados na execución da actividade:
 - Copia do Libro de rexistro da explotación no que se sinalen os animais empregados.
 - Declaración censual anual a 1 de xaneiro do ano en curso.
 - Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) do ano en curso.
 - Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC.
- g) Declaración responsable, emitida polo arrendatario, na que se indique que o solicitante non se atopa en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (Anexo V).
- h) Declaración responsable, emitida polo arrendatario, na que se indique que non solicitou nin recibiu outras axudas ou subvencións doutras Administracións Públicas ou doutras entidades, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, ou a descrición e contía das mesmas, no caso de telas solicitado e/ou recibido (Anexo V).

- i) Declaración responsable, emitida polo arrendatario, na que se indique que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Anexo V).

No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, a dita declaración responsable será substituída por certificacións, emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, acreditativas de que o solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

- j) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.

Base 8.- Procedemento de concesión e criterios de adxudicación

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase de conformidade co disposto no Capítulo II do Título I da LXS, no Capítulo II do Título I da Título II da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, publicada no BOP número 82, do 13 de abril de 2021.

Establecerase unha orde de prioridade segundo a seguinte prelación e eixo de axuda (1 ou 2), tendo en conta que a data de referencia á hora de computar os méritos será a correspondente ao último día de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentadas serán ponderadas e ordenadas, segundo o eixo de axuda, de acordo cos criterios de prioridade indicados a continuación, e aprobaranse os proxectos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible:

A.- Actuacións incluídas no Eixo 1, ata un máximo de 40 puntos:

- 1) Número de hectáreas susceptibles de aproveitamento por silvopastoreo preventivo, dentro dos terreos titularidade da CMVMC ou das súas agrupacións, de xeito que se produza a discontinuidade da biomasa vexetal dentro dos terreos situados nas rede secundaria de faixas de xestión de biomasa e nas faixas laterais da rede viaria de titularidade municipal, ata 20 puntos.

- Ata 10 has: 0,8 puntos por ha rozada mediante silvopastoreo.
- Fracción decimal ata 10 has: 0,08 puntos por fracción decimal completa.
- Entre 10 e 30 has: 0,6 puntos por ha rozada mediante silvopastoreo.
- Fracción decimal entre 10 e 30 has: 0,06 puntos por fracción decimal completa.

Complementariamente ás anteriores actuacións, será obxecto de baremación o aproveitamento mediante silvopastoreo en zonas alleas a ditas faixas, sempre e cando se produza a discontinuidade da biomasa existente no monte co obxecto de contribuír á prevención e defensa contra os incendios forestais.

- 0,3 puntos por ha rozada mediante silvopastoreo en terreos alleos ás faixas secundarias ou ás faixas laterais das vías de titularidade municipal.
- 0,03 puntos por fracción decimal de ha rozada mediante silvopastoreo en terreos alleos ás faixas secundarias ou ás faixas laterais das vías de titularidade municipal.

- 2) CMVMC titular de terreos inscritos, ou con solicitude de inscrición, no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo: 5 puntos.

- 3) Dispor a entidade solicitante de instrumentos de ordenación ou de xestión forestal, debidamente aprobados de acordo co disposto na LPDIFG; contar o monte con certificación forestal con sistema PEFC ou FSC; expedientes con montes protectores: ata 8 puntos.
- Por dispoñer de instrumentos de ordenación ou de xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes:
 - Proxecto de ordenación forestal: 3 puntos.
 - Documento compartido de xestión forestal: 2 puntos.
 - Documento simple de xestión forestal: 2 puntos.
 - Documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos: 2 puntos.
 - Por ter o monte certificación forestal con sistema PEFC ou FSC: 2 puntos.
 - Por estar incluído no expediente un monte protector: 1 punto.
- 4) Distancia lineal da parcela na que se atopa a superficie obxecto da solicitude respecto a Zona de alto Risco de Incendios (ZAR) máis próxima, segundo o definido no Anexo V do PLADIGA vixente, ata 4 puntos. Dita distancia tomarase a partir das coordenadas xeográficas correspondentes ao centro da parcela de referencia.
- Incluída nunha ZAR: 4 puntos.
 - Distancia inferior a 20 kms.: 3 puntos.
 - Entre 20 e 50 kms.: 2 puntos.

En caso de tratarse varias parcelas situadas fóra dunha ZAR, a puntuación obtida neste criterio será a resultante da suma da puntuación ponderada da cada unha delas, atendendo á seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación ponderada} = \frac{\% \text{ Superficie da parcela sobre o total da solicitude} \times \text{puntos obtidos de distancia}}{100}$$

- 5) Mulleres solicitantes: 3 puntos.
- CMVMC cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % de mulleres membros da Xunta Reitora: 3 puntos.
 - Muller solicitante particular: 3 puntos.

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible non podendo acceder algunha delas a mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese na seguinte orde:

- 1) Inscripción no Rexistro público de Terreos Forestais de Pastoreo.
- 2) Número de hectáreas susceptibles de silvopastoreo por atoparse nas redes secundarias faixas de xestión de biomasa ou nas faixas laterais das vías e pistas de titularidade municipal, que se atopen dentro dos terreos obxecto da solicitude.

3) Menor distancia lineal da superficie a rozar respecto a ZAR máis próxima.

B.- Actuacións incluídas no Eixo 2, ata un máximo de 15 puntos:

- 1) Número de comuneiros/as da CMVMC: ata 4 puntos.
 - Máis de 100: 4 puntos.
 - Entre 51 e 100: 3 puntos.
 - Entre 21 e 50: 2 puntos.
 - Ata 20: 1 punto.
- 2) CMVMC cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % de mulleres membros da Xunta Reitora: 3 puntos.
- 3) Distancia lineal da parcela na que se atopa a superficie obxecto da solicitude respecto a Zona de alto Risco de Incendios (ZAR) máis próxima, segundo o definido no Anexo V do PLADIGA vixente, ata 4 puntos. Dita distancia tomarase a partir das coordenadas xeográficas correspondentes ao centro da parcela de referencia.
 - Incluída nunha ZAR: 4 puntos.
 - Distancia inferior a 20 kms.: 3 puntos.
 - Entre 20 e 50 kms.: 2 puntos.

En caso de tratarse varias parcelas situadas fóra dunha ZAR, a puntuación obtida neste criterio será a resultante da suma da puntuación ponderada da cada unha delas, atendendo á seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación ponderada} = \frac{\% \text{ Superficie da parcela sobre o total da solicitude} \times \text{puntos obtidos de distancia}}{100}$$

- 4) Superficie, en hectáreas, do monte xestionado pola CMVMC obxecto da solicitude: ata 4 puntos.
 - Máis de 500 has: 4 puntos.
 - Dende 300,01 ata 500 has: 3 puntos.
 - Dende 100,01 ata 300 has: 2 puntos.
 - Ata 100 has: 1 punto.

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible, non podendo acceder algunha delas a mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese na seguinte orde:

- 1) Maior superficie do MVMC obxecto de solicitude.
- 2) Menor distancia lineal da superficie obxecto de solicitude respecto a ZAR máis próxima.
- 3) Maior número de comuneiros/as.

Base 9.- Instrución do procedemento

A Área de Medio Rural, Mar e Mocidade será o órgano responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisar as solicitudes presentadas, e verificar que estas conteñen a documentación esixida na Base 7, así como que os solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que neles concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarios.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso contrario, terase por desistido da súa petición, previa resolución da Xunta de Goberno, que lle será notificada ao solicitante.

Revisados os expedientes e, no seu caso, completados, a avaliación das solicitudes presentadas levaráse a cabo por unha Comisión, que emitirá informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada e a prelación das solicitudes.

Presidirá a dita Comisión o presidente da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue, integrándoa, ademais, tres empregados públicos da mesma entidade, designados por Resolución de aquel, a súa interventora e a secretaria xeral.

Sen prexuízo do anterior, establécese un procedemento simplificado, no que non será necesaria a constitución da dita Comisión, no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, por non ser necesario establecer unha prelación entre as mesmas.

Neste suposto, serán os técnicos da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade os encargados da avaliación das solicitudes e da emisión do informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Proposta de resolución provisional

O órgano instrutor, á vista do expediente e, no seu caso, do informe da Comisión de Valoración, efectuará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará o solicitante ou relación dos mesmos para os que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A proposta de resolución provisional será notificada aos interesados, ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e na páxina web da

Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, sendo, neste caso, a proposta de resolución formulada de carácter definitivo.

Proposta de resolución definitiva

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polos interesados, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva, na que se expresará o solicitante ou relación dos mesmos para os que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Base 10. Resolución de concesión das axudas

Unha vez formulada a proposta de resolución definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará o solicitante ou relación dos mesmos aos que se concede a subvención e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A resolución de concesión das axudas será notificada aos interesados por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da LPACAP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

Base 11.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

Base 12.- Prazo de execución da actividade

O prazo de execución das actividades subvencionadas estenderase dende o 1 de decembro de 2021 ao 31 maio de 2022.

En casos excepcionais, o beneficiario poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade a xustificar non conclúise pola propia natureza da mesma, atendendo á normativa de aplicación. A dita ampliación non superará a data do 30 de xuño de 2022.

Base 13.- Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios

Enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación

daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, a realización da actividade subvencionada, sen que, en ningún caso, poidan subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen un valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da LXS, para permitir a axeitada verificación do respecto á natureza e contía dos gastos subvencionables.

Base 14.- Xustificación das subvencións.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención revestirá a forma de conta xustificativa do gasto realizado, constituíndo a súa rendición un acto obrigatorio do beneficiario na que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, no prazo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade, segundo o disposto na Base anterior. No suposto de que os beneficiarios da subvención tiveran outorgada ampliación do prazo de execución, a presentación da xustificación realizarase, como máximo, no prazo de dous meses a contar dende a finalización daquel.

Logo de transcorrer os prazos establecidos no apartado anterior sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación Provincial, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade, requirirase ao beneficiario da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porao no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días para a súa corrección.

A falta de presentación da conta xustificativa da subvención nos citados prazos ou a xustificación insuficiente levará aparellada a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de execución establecido na Base anterior.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización dos prazos de xustificación establecidos nos parágrafos anteriores.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso das actuacións englobadas no Eixo 1, será subvencionable o aproveitamento, total ou parcial, do monte veciñal mediante pastoreo por gando en extensivo, sempre que: a superficie dedicada a este aproveitamento se atope incluída dentro das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa definidas no artigo 21 da LPDIFG, ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal, ata os 2 metros en cada marxe; e o número de cabezas de gando non sexa inferior, en cómputo total, a 0,60 UGM por ha, segundo o establecido no Anexo VI destas Bases, de equivalencias en UGM, por cabeza e especie.

Asemade, tamén será subvencionable o aproveitamento complementario do monte veciñal mediante pastoreo por gando en extensivo en zonas que non se inclúan no indicado no parágrafo anterior, sempre que se leve a cabo o aproveitamento pastoril nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal e o pastoreo levado a cabo en zonas alleas ás mesmas contribúa á prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a redución da cantidade de biomasa existente no monte.

Dentro das actuacións definidas no Eixo 2, as CMVMC poderán solicitar axudas destinadas á elaboración do Plan de aproveitamento silvopastoril, por parte dun técnico competente, para a regulación do aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun Proxecto de ordenación. Tamén poderanse solicitar axudas destinadas á investigación da propiedade, resolución de discrepancias catastrais, e outras de natureza semellante que reflectan na mellora organizativa e estrutural da CMVMC.

Documentación xustificativa

A contas xustificativas das subvencións presentaranse a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”.

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presentación presencial na súa oficina de asistencia en materia de rexistros, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En ámbolos dous casos, as contas xustificativas deberán integrar a seguinte documentación:

- a) Solicitude debidamente cumprimentada (Anexo VII).
- b) Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións que deron lugar á concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable (Anexo VIII).

No caso das actuacións incluídas no Eixo 1, fotografías do resultado das actuacións realizadas e acreditativas da colocación, no lugar de execución das actuacións, de carteis onde se faga constar que estas foron subvencionadas pola Deputación de Lugo.

No caso das actuacións incluídas en calquera das letras do Eixo 2, nas que as subvencións se outorgarán con arranxo a un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas, de ser o caso, e incluírase unha declaración do custo total da/s actuación/s subvencionada/s, así como un detalle das fontes de financiamento (Anexo VIII).

- c) No caso das actuacións incluídas no Eixo 2, relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, así como os gastos que se afecten á Deputación (Anexo IX).
- d) No caso das actuacións incluídas no Eixo 2, xustificantes de gasto (facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa), incorporados na relación á que fai referencia o parágrafo anterior, afectados á Deputación.

En todo caso, terán que achegarse todos os xustificantes de gasto que, individualmente, superen o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto de xustificantes de gasto achegarase unha mostra que, en función do seu número, xustifique as seguintes porcentaxes do importe da subvención concedida:

- Número de xustificantes de gasto menor ou igual a 10, o 10%.
 - Número de xustificantes de gasto entre 10 e 30, o 5%.
 - Número de xustificantes de gasto superior a 30, o 2%.
- e) Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou a seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Respecto ao contido das facturas, estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Aplicarase a normativa vixente en cada momento.

- f) Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas, ou entidades públicas ou privadas, para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada (Anexo X).
- g) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos (Anexo X).
- h) No suposto de non haber autorizado á Deputación de Lugo para a súa obtención, certificados acreditativos de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social. No caso de que as contías das subvencións a aplicar non superen o importe de 3.000 €, a presentación destes certificados considerárase substituída pola declaración responsable na que o beneficiario da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Anexo X).
- i) Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública. (Anexo X).
- j) No caso das actuacións encadradas no Eixo 2, declaración responsable na que se faga constar que a entidade está asumindo o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben na que se faga constar que aquela non está asumindo o custo do IVE dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo (Anexo X).
- k) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Presentadas as contas xustificativas, o centro xestor comprobará a adecuada xustificación da subvención (corrección da documentación achegada), a realización da/s actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión ou goce, así como a adecuación dos gastos realizados, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

No caso das actuacións encadradas no Eixo 1, realizaranse as correspondentes comprobacións *in situ*. Estas serán levadas a cabo por técnico competente, que emitirá certificación acreditativa de que as actuacións realizadas se corresponden coas solicitadas e xustificadas.

Unha vez realizadas as comprobacións, da que se emitirá o correspondente informe, formularase polo mesmo centro xestor, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das contas xustificativas presentadas ou, de ser o caso, de perda do dereito ao cobro total ou parcial das subvencións, así como, de ser necesario, de inicio do procedemento de reintegro.

Reducións

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da súa contía ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase o seu importe en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que as actuacións encadradas no Eixo 2 deberán ser financiadas polo beneficiario, cando menos, no 5%, se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

Base 15.- Pago da subvención

O pago das subvencións aos beneficiarios será realizado mediante transferencia bancaria, previa presentación por aqueles das contas xustificativas que acrediten a realización das actuacións para as que se concederon, nos termos establecidos na Base anterior; e tamén previa emisión, polos Servizos desta Deputación Provincial, dos correspondentes informes e da resolución de aprobación de aquelas pola Presidencia.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 16.- Renuncia

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da LPACAP.

Base 17.- Plan de auditoría anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 18.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención_ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- f) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos

percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da citada LXS, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da amentada LXS.

Base 19.- Réxime de recursos

Contra as resolucións e os actos administrativos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos dos interesados, poderá interpoñerse polos interesados o recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPACAP, sen prexuízo da posibilidade de acudir directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazos establecidos na Lei reguladora da dita Xurisdición.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá alegarse polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

A interposición do recurso deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 115 da citada LPACAP, e deberá interpoñerse, de acordo co establecido no artigo 124.1 da mesma Lei, no prazo dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes, en virtude do disposto no artigo 124.2 da LPACAP, non sendo susceptible a dita resolución de novo recurso contra a mesma.

Base 20.- Protección de datos

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais recabados como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal.

A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao seu responsable, e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

Base 21.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

Disposición Adicional Primeira.- Declaracións responsables

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A XESTIÓN E MANTEMENTO DAS REDES SECUNDARIAS E LATERAIS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA "O QUE NON ARDE", NA ANUALIDADE 2021

DATOS DA PERSOA/ENTIDADE SOLICITANTE		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo/Enderezo social:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s: /	E-mail:	

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s: /	E-mail:	

A persoa que subscribe, en aplicación das bases establecidas pola Deputación Provincial de Lugo para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, na execución do Programa "O que non Arde", na anualidade 2021,

EXPOÑO QUE:

- A entidade/persoa física á que represento precisa dunha subvención para sufragar os gastos derivados da execución das actividades encadradas no Eixo 1 do Programa "O que non arde".
- A entidade/persoa física á que represento precisa dunha subvención para sufragar os gastos derivados da execución das actividades encadradas na letra a) / na letra b), do Eixo 2 do Programa "O que non arde".
- Preciso dunha subvención para sufragar os gastos derivados da execución das actividades encadradas no Eixo 1 do Programa "O que non arde".
- Preciso dunha subvención para sufragar os gastos derivados da execución das actividades encadradas na letra a) / na letra b), do Eixo 2 do Programa "O que non arde".

Polo que SOLICITA/O:

- Unha subvención polo importe de €.

ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE (continuación)

PROTECCIÓN DE DATOS

AUTORIZO E CONSINTO que a Deputación de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

NON AUTORIZO NIN CONSINTO que a Deputación de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	Deputación de Lugo
Servizo/Sección responsable	Medio Rural e do Mar, e Mocidade
Finalidade	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación de Lugo
Interesados	Persoas físicas ou xurídicas
Categoría de datos	Nome, apelidos, NIF, dirección postal, correo electrónico, sinatura, certificado de conta bancaria
Lexitimación	RGPD: Artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: Artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Destinatarios	Outras Administracións Os requiridos pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade de datos
Procedencia	A través do interesado, por parte do persoal de xestión ou mediante o acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios <i>web</i> recollidos no portal de Deputación de Lugo

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace *web* seguinte:
http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_subvencions

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante / representante,

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE -

ANEXO II, CERTIFICACIÓN DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

D./D.ª _____, con NIF: _____, como secretario da CMVMC _____, con NIF: _____, aos efectos de solicitude dunha subvención, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, na execución do Programa “O que non Arde”, na anualidade 2021,

CERTIFICO:

Que D./D.ª _____, con NIF: _____, ten capacidade de obrar, como representante legal da entidade, para a tramitación da citada subvención.

Que na reunión da Xunta Reitora da mencionada CMVMC, celebrada o _____ de _____ de _____, adoptouse o acordo de nomear como representante autorizado da mesma a D./D.ª _____, con NIF: _____, para a xestión das actuacións derivadas da tramitación da antedita subvención (No caso de non ser xa o representante legal).

Que na devandita reunión acordouse, así mesmo, aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Que os estatutos da entidade presentados están vixentes.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A secretario/a

Vº e praxe
O/A presidente/a

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE -

ANEXO III, CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DO DOMICILIO SOCIAL ACTUAL DA ENTIDADE E DA IDENTIDADE DOS MEMBROS DA XUNTA REITORA

D./D.^a _____, con NIF: _____, como secretario da CMVMC _____,
con NIF: _____,

CERTIFICO:

Que o domicilio social actual da entidade é: _____, CP _____, na
cidade de _____, provincia de _____.

Que os membros actuais da Xunta Reitora da entidade son:

CARGO	NOME E APELIDOS	NIF

Achégase copia do DNI de cada un dos membros da Xunta Reitora da entidade.

Número de socios:

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A secretario/a

Vº e prace
O/A presidente/a

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE -

ANEXO IV, DECLARACIÓN/CERTIFICACIÓN¹ DO ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR

D./D.^ª _____, con NIF: _____, como secretario da CMVMC _____, con NIF: _____,

D./D.^ª _____, con NIF: _____, como solicitante,

DECLARO/CERTIFICO²

Que o orzamento de gastos da actividade para a que se solicita a axuda, segundo os gastos subvencionables do seguinte cadro é:

CONCEPTO ³	Nº EIXO	IMPORTE UNITARIO	Nº UNIDADES	IMPORTE PARTIDA

TOTAL ORZAMENTO GASTOS	BASE	IVE	TOTAL
	€	€	€

RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE (Eixo 2) (Mínimo 5%)	A porcentaxe de recursos propios é de: %	€
--	--	---

**ANEXO IV, DECLARACIÓN/CERTIFICACIÓN¹ DO ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR
(continuación)**

DESCRIBIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE SOLICITUDE:

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA

- Cartografía na que se sitúan as actuacións.
- Memoria descritiva achegada a este Anexo.
- Copia do Libro de rexistro da explotación no que se sinalen os animais empregados no Eixo 1.
- Declaración censual anual a 1 de xaneiro do ano en curso.
- Copia da folia de saneamento gandeiro (carta verde) do ano en curso.
- Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC.
- Fotografías do estado actual dos terreos/elementos nos que se levarán a cabo as actuacións (Eixo 1).
- Outra documentación:

Os gastos incluídos neste orzamento están directamente relacionados coa actividade e son indispensables para a adecuada preparación e/ou a súa execución.

O que declaro/certifico⁴, para os efectos da solicitude de axuda provincial, dentro da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para accións silvícolas de prevención de incendios forestais, na execución do programa “O que non Arde”, na anualidade 2021.

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante / representante da entidade,

¹ Segundo se trate de un solicitante particular ou dunha entidade

² Segundo se trate de un solicitante particular ou dunha entidade

³ Poñer os gastos subvencionables segundo a natureza da actividade

⁴ Segundo se trate de un solicitante particular ou dunha entidade

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE -

ANEXO V, DECLARACIÓN CONXUNTA

D./D.^a _____, con NIF: _____, na miña condición de representante da entidade _____¹, con NIF: _____,

Declaro baixo a miña responsabilidade:

A.- DECLARACIÓN DE ESTAR EN SITUACIÓN DE OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

- Que non me atopo / a entidade á que represento non se atopa² en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que dan lugar á prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.
- Que non teño / a entidade á que represento non ten³ pendente de xustificación subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.
- Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nelas se inclúen.
- Que cumpro / a entidade á que represento cumpre⁴ tódolos requisitos e obrigas da convocatoria para poder participar na concorrência competitiva para o acceso as subvencións para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, na execución do programa "O que non arde", na anualidade 2021, polo que podo/pode ter a condición de beneficiario.

B.- DECLARACIÓN RELATIVA A OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADOS E/OU CONCEDIDOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, OU ENTIDADES, PÚBLICAS OU PRIVADAS, PARA A MESMA ACTIVIDADE

Que non solicitei/a entidade á que represento non solicitei² nin me concederon/lle concederon³ ningunha outra axuda ou subvención doutras Administracións Públicas, ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade para a que solicitei/solicita esta subvención á Deputación Provincial de Lugo.

Que na seguinte táboa sinalo a/s outra/s axuda/s solicitada/s e/ou concedida/s por outras Administracións Públicas, ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade para a que solicitei/a entidade á que represento solicita⁴ esta subvención á Deputación Provincial de Lugo.

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN		
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR €
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR €
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR €
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS				€

Que na seguinte táboa sinalo outros patrocinios, sen achegas económicas, doutras Administracións Públicas, ou outras entidades, públicas ou privadas, obtidos para o mesmo obxecto ou actividade:

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

ANEXO V, DECLARACIÓN CONXUNTA (continuación)

C.- DECLARACIÓN XURADA RELATIVA A OBRIGAS E TRIBUTOS

Que a beneficiaria á que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública. E que se compromete a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

Que a beneficiaria á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. E que se compromete a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

Que a beneficiaria á que represento autoriza á Deputación Provincial de Lugo a que solicite, se é o caso, os certificados de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, coa Facenda da Xunta de Galicia, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Recadación Provincial.

Que a beneficiaria á que represento:

Asume o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asume o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante / representante da CMVMC,

¹ No caso de que non se trate dun particular

² Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

³ Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

⁴ Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

ANEXO VI, EQUIVALENCIAS UGM PARA ACCIÓNS DE SILVOPASTOREO

EIXO 1: TÁBOA DE EQUIVALENCIAS EN UGM, POR CABEZA E ESPECIE

EQUINO	
Todo animal ata os 6 meses de idade	0,2
Todo animal maior de 6 meses e ata os 12 meses de idade	0,5
Todo animal maior de 12 meses de idade	1
BOVINO	
Todo animal ata os 6 meses de idade	0,2
Todo animal maior de 6 meses e ata os 12 meses de idade	0,6
Todo animal maior de 12 meses de idade	1
CAPRINO	
Menor de 4 meses	0,05
De máis de 4 meses e menos de 1 ano	0,10
Cabras	0,15
Machos adultos	0,12
OVINO	
Menor de 4 meses	0,05
De máis de 4 meses e menos de 1 ano	0,10
Ovellas	0,15
Machos adultos	0,12
PORCINO EN EXTENSIVO	
Femia en ciclo pechado, con crías ata o fin do cebo	2
Femia con leitóns ata o destete (de 0 a 6 kg)	0,25
Femia con leitóns ata 20 kg	0,30
Femia de reposición	0,14
Leitóns de 6 a 20 kg	0,02
Porco de 20 a 50 kg	0,08
Porco de 20 a 100 kg	0,14
Porco de 50 a 100 kg	0,15
Porco de 50 a 150 kg	0,20
Porco de 20 a 150 kg	0,25
Porco de 100 a 150 kg (explotacións de cebo)	0,17
Verraco	0,30

ANEXO VII, CONTA XUSTIFICATIVA: INSTANCIA

SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A XESTIÓN E MANTEMENTO DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E DAS FAIXAS LATERAIS DAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA "O QUE NON ARDE", NA ANUALIDADE 2021

I. DATOS IDENTIFICATIVOS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN

DATOS DA PERSOA/ENTIDADE BENEFICIARIA		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo/Enderezo social:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s: /	E-mail:	

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s: / C	E-mail:	

DATOS BANCARIOS PARA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN (conta cuxo titular sexa o/a solicitante)

IBAN:

Achégase documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

II. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SUBVENCIÓN

Eixo ou eixos das actuacións subvencionadas:		
<input type="checkbox"/> Eixo 1	<input type="checkbox"/> Eixo 2.a)	<input type="checkbox"/> Eixo 2.b)
Custo ao que ascendeu a execución da actuación subvencionada encadrada no Eixo 2.a):	Custo ao que ascendeu a execución da actuación subvencionada encadrada no Eixo 2.b):	Importe/s solicitado/s á entidade provincial: Eixo 2.a): Eixo 2.b):

SOLICITO:

Que sexa admitida a documentación xustificativa da/s subvencións para apoio á xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa "O que non arde", na anualidade 2021.

O/A solicitante / representante da entidade,

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE -

Incidencias existentes:

Nivel de logros de obxectivos - Resultados obtidos:

II. Que o custo total dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada no marco da letra a) / da letra b), do Eixo 2 ascendeu a:

EIXO 2.A		
Base	IVE	Total

EIXO 2.B		
Base	IVE	Total

Financiándose coas seguintes achegas económicas:

FINANCIAMENTO actuacións Eixo 2.a)	IMPORTE
Fondos propios de(5% como mínimo)	
Aportación da Deputación Provincial de Lugo (axuda)	
Subvencións de outras Administracións Públicas	
Outras fontes de financiamento (.....)	
SUMA (CUSTO TOTAL)	

FINANCIAMENTO actuacións Eixo 2.b)	IMPORTE
Fondos propios de(5% como mínimo)	
Aportación da Deputación Provincial de Lugo (axuda)	
Subvencións de outras Administracións Públicas	
Outras fontes de financiamento (.....)	
SUMA (CUSTO TOTAL)	

III. Que o orzamento inicialmente previsto e o custo de execución da actuación subvencionada son os que se relacionan:

Orzamento inicialmente previsto para a execución da actuación subvencionada do Eixo 2.a)	Custo derivado da execución da actuación subvencionada do Eixo 2.a)
€	€

A desviación producida, por importe de €, responde a:

Orzamento inicialmente previsto para a execución da actuación subvencionada do Eixo 2.b)	Custo derivado da execución da actuación subvencionada do Eixo 2.b)
€	€

A desviación producida, por importe de €, responde a:

Que se achega ao presente Anexo reportaxe fotográfica do resultado das actuacións encadradas no Eixo 1 e acreditativas da colocación, no lugar onde se executaron, de cartel indicativo de que a actuación foi subvencionada pola Deputación de Lugo.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino a presente en , a de de .

O/A solicitante / representante da entidade,

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE -

ANEXO IX, CONTA XUSTIFICATIVA: MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS QUE DERON LUGAR Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

DATOS DA PERSOA/ENTIDADE BENEFICIARIA					
Nome/Denominación social:			NIF:	Enderezo:	
CP:	Localidade:	Provincia:	Teléfono/s:	/	E-mail:
DATOS DO REPRESENTANTE					
Nome e apelidos:			NIF:	Enderezo:	
CP:	Localidade:	Provincia:	Teléfono/s:	/	E-mail:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- I. Que no marco da/s subvención/s concedidas dentro da letra a) do Eixo 2 do Programa “O que non arde”, executáronse os gastos relacionados a continuación.

DOCUMENTO				ACREDOR		IMPORTE		IMPUTACIÓN				DESCRIBIÓN DO GASTO
Identificación ¹	Número	Data de emisión	Data de pago	Nome/denominación Social	NIF	Sen IVE	Con IVE	Á execución da actuación subvencionada (custo total)		Á axuda concedida (gasto imputado á Deputación)		
								%	Importe	%	Importe	
TOTAL GASTOS SUBVENCIÓNABLES												

¹Identificación do documento: indicar se é factura, nómina, liquidación, recibo, modelo 111 do IRPF, RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións), RNT (Relación Nominal de Traballadores), etc.

II. Que no marco da/s subvención/s concedidas dentro da letra b) do Eixo 2 do Programa “O que non arde”, executáronse os gastos relacionados a continuación.

DOCUMENTO				ACREDOR		IMPORTE		IMPUTACIÓN				DESCRICIÓN DO GASTO
Identificación ²	Número	Data de emisión	Data de pago	Nome/denominación Social	NIF	Sen IVE	Con IVE	Á execución da actuación subvencionada (custo total)		Á axuda concedida (gasto imputado á Deputación)		
								%	Importe	%	Importe	
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES												

III. Que os documentos orixinais dos gastos relacionados conservaranse e estarán a disposición, de ser necesario, para a súa comprobación e control.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino a presente en _____, a _____ de _____ de _____.

O/A solicitante / representante da entidade

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE-

²Identificación do documento: indicar se é factura, nómina, liquidación, recibo, modelo 111 do IRPF, RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións), RNT (Relación Nominal de Traballadores), etc.

ANEXO X, CONTA XUSTIFICATIVA: DECLARACIÓN CONXUNTA

D./D.ª _____, con NIF: _____, na miña condición de representante da entidade _____, con NIF: _____,

Declaro baixo a miña responsabilidade:

A.- DECLARACIÓN RELATIVA A OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, OU ENTIDADES, PÚBLICAS OU PRIVADAS, PARA A MESMA ACTIVIDADE

Que non solicitei/a entidade á que represento non solicitou² nin me concederon/le concederon³ ningunha outra axuda ou subvención doutras Administracións Públicas, ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade para a que solicito/solicita esta subvención á Deputación Provincial de Lugo.

Que na seguinte táboa sinalo a/s outra/s axuda/s solicitada/s e/ou concedida/as por outras Administracións Públicas, ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade para a que solicito/a entidade á que represento solicita⁴ esta subvención á Deputación Provincial de Lugo.

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN		
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR €
	€	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR €
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS		€		

Que na seguinte táboa sinalo outros patrocinios, sen achegas económicas, doutras Administracións Públicas, ou outras entidades, públicas ou privadas, obtidos para o mesmo obxecto ou actividade:

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

B.- DECLARACIÓN RELATIVA A OBRIGAS E TRIBUTOS

Que a entidade á que represento non é debedora / Que non son debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten/non teño pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública. E que se compromete a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

Que a entidade á que represento se atopa / Que me atopo ao corrente no cumprimento das súas/miñas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. E que se compromete a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

Que a entidade á que represento / Que como persoa física, está/ou asumindo o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Que a entidade á que represento / Que como persoa física, non está/ou asumindo o custo do IVE dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

C. DECLARACIÓN RELATIVA Á REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

Que a/s actividade/s obxecto da subvención foi/foron realizada/s na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e cos compromisos adquiridos coa súa aceptación.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración en _____, a _____ de _____ de _____
O/A solicitante / representante da CMVMC,

¹ No caso de que non se trate dun particular

² Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

³ Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

⁴ Segundo o solicitante sexa unha persoa física ou unha entidade

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE -

**Borrador asinado polo técnico de xestión da
Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade**

Andrés García Rey

CONFORME
A deputada delegada da Área de
Medio Rural e do Mar, e Mocidade

Mónica Freire Rancaño